



## CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN TRABALLOS CON AMIANTO

### Obxectivos do curso:

O amianto é un axente perigoso presente en diversas situacións laborais baixo diferentes formas e que pode causar enfermidades graves.

Segundo a OMS, a pesar da tendencia á súa prohibición en cada vez un maior número de países, 125 millóns de persoas de todo o mundo atópanse exposta ao asbesto no seu lugar de traballo e 90.000 persoas/ano morren por cancro de pulmón, mesotelioma e asbestosis debido á exposición ao asbesto por motivos profesionais. Aínda que o seu uso estea prohibido ou limitado en moitos países, os traballos de modernización das instalacións industriais, mantemento, reparación, etc., implica o contacto dos traballadores con amianto nas operacións de desamiantado.

Con este curso preténdese dar unha visión completa da problemática do traballo con risco de exposición ao amianto, dos adecuados procedementos de traballo, das medidas de prevención e de actuación en caso de emerxencia e dos equipos de traballo e protección para o control de risco dos traballadores. Búscase alcanzar unha formación que sirva de ferramenta para favorecer a adopción de medidas preventivas, mellorar a planificación e a eficacia nos traballos con risco de exposición ao amianto.

**Planificación temporal: 30/08/19 A 07/09/19**

AGOSTO						
L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	
MOD I e II		MOD				
MOD III e IV		MOD				
MOD IV e V						
MOD VI						

SETEMBRO						
L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

**Horario:** venres, de 16:00 a 21:00 h, e sábados de 9:00 a 14:00 horas.



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



Co financiamento de:



**Municipio de impartición:** Lugo

**Programa formativo:**

**I. Definición dos traballos (1 hora)**

- Normativa específica
- As propiedades do amianto e os seus efectos sobre a saúde, incluído o efecto sinérgico do tabaquismo.
- Os tipos de produtos ou materiais que poden conter amianto.
- As operacións que poden implicar unha exposición ao amianto e a importancia dos medios de prevención para minimizar a exposición.
- Rexistro de Empresas con Risco por amianto (RERA).
- Límite de exposición profesional e prohibicións.
- Eliminación e transporte de residuos de amianto.
- Plan de traballo.
- Os requisitos en materia de vixilancia da saúde.

**II. Técnicas preventivas específicas (5 horas)**

- Aplicación do plan de traballo e/ou plan de seguridade e saúde na tarefa concreta e/ou avaliación de risco específica.
- As prácticas profesionais seguras, os controis e os equipos de protección.
- A función, elección, selección, uso apropiado, vida útil e limitacións dos equipos respiratorios.
- No seu caso, segundo o tipo de equipo utilizado, as formas e métodos de comprobación do funcionamento dos equipos respiratorios.
- Procedemento de traballo: definición, contido, etc.
- Avaliación e control do ambiente de traballo. Medición da concentración de fibras de amianto no aire e resultados.
- Os procedementos de emerxencia.



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



Co financiamento de:



- Os procedementos de descontaminación.
  - Proteccións colectivas (colocación, usos e obrigacións e mantemento).
  - Proteccións individuais (colocación, usos e obrigacións e mantemento).
- III. Medios auxiliares, equipos e ferramentas (3 horas)**
- Estadas, plataformas, escaleiras, liñas de vida, etc.
  - Equipos portátiles, pequeno material, ferramentas, etc.
  - Mantemento e verificacións, manual do fabricante, características dos principais elementos, dispositivos de seguridade, etc. Dos útiles, ferramentas e equipos de traballo empregados.
- IV. Verificación, identificación e vixilancia do lugar de traballo e a súa contorna (2 horas)**
- Riscos e medidas preventivas necesarias.
  - Coñecemento da contorna do lugar de traballo (presenza doutras persoas nas proximidades, etc.). Planificación das tarefas desde un punto de vista preventivo. Sinalización.
  - Provisión de materiais.
  - Orde e limpeza.
  - Manipulación doutros produtos químicos. Ficha de datos de seguridade. Simbología.
  - A eliminación de residuos.
- V. Dereitos e obrigacións (1 hora)**
- Marco normativo xeneral e específico en amianto.
  - Organización da prevención
  - Fomento da toma de conciencia sobre a importancia de involucrarse na prevención de riscos laborais.
  - Participación, información, consulta e propostas.
  - Recurso preventivo: funcións e responsabilidades.
  - A seguridade e saúde laboral no convenio colectivo.



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



Co financiamento de:



## **VI. Prácticas profesionais (8 horas)**

- Equipos de protección persoal
- Residuos, sistema de humectación e encapsulantes e manipulación de quipos de aspiración manual
- Montaxe, mantemento e utilización das cabinas de descontaminación
- Traballo con material friable. Traballos en burbullas de contención. Traballos en depresión.

**Número de horas:** 20

**Perfil do docente:** Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais